



ANPE CONSIGUE ARRANCAR A NEGOCIACIÓN PARA A EQUIPARACIÓN SALARIAL COS DOCENTES DAS DISTINTAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS E CALIFICA DE INSUFICIENTE O ACORDO ASINADO NA MESA XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA DO ESTADO.

Máis de 30.000 sinaturas apoian xa a petición de ANPE de equiparación salarial.

Os corpos docentes son os únicos corpos funcionariais de carácter estatal, é dicir, o seu ingreso, aceso e mobilidade por todo o Estado está regulado a nivel nacional e é idéntico en tódalas Comunidades Autónomas, pero, á súa vez, están transferidos ás Comunidades e as súas retribucións son aboadas polas mesmas. Así, nos derradeiros anos, **a brecha salarial foi aumentando progresivamente, chegando a ser, nalgúns casos, de máis de 6.000 euros anuais por realizar as mesmas funcións e accedendo cos mesmos requisitos e condicións, simplemente dependendo da Comunidade Autónoma na que se estea traballando.**

A o anteriormente exposto hai que engadir que **algunhas Comunidades Autónomas teñen unha carreira profesional retribuída**, mentres que outras non incentivan a formación nin a participación nos proxectos dos centros educativos. **Outras teñen complementos por formación permanente, titoría, coordinación de nivel ou ciclo, xefatura de departamento, residencia, perigosidade, mestres en IES, entre outros, que son retribuídos ou non en función da Comunidade onde se traballa, ou ben hai importantes diferenzas salariais.** Do mesmo xeito que hai tamén complementos por exercer cargos directivos nos nosos centros educativos que son retribuídos de maneira desigual segundo a autonomía nos que se exerzan, aínda cando os centros educativos sexan de idénticas características.

Esta brecha salarial e trato desigual chega tamén ao profesorado interino, xa que nalgúns Comunidades Autónomas perciben os mesmos complementos que os funcionarios de carreira, como sexenios, tal e como é o caso de Galicia, e noutras non. Ao igual que algunhas autonomías lles aboan os meses de verán e noutras, co mesmo tempo de servizo, non o fan.

Por todo iso, **esixiremos na negociación pola equiparación salarial docente, que establezan unhas estruturas salariais comúns, equiparando as retribucións básicas e complementarias ás das Comunidades Autónomas con mellores salarios para rematar así coa desigualdade existente actualmente nos corpos docentes en función da autonomía na que se estea a traballar.**

Por outra banda ANPE Galicia rexeita o acordo asinado co Ministerio de Facenda e Función Pública por insuficiente xa que consideramos que soamente vai a permitir recuperar un 0,48 % anual ao non ter en conta o IPC nas subidas pactadas.

Para ANPE o Acordo, asinado o pasado 9 de marzo polos sindicatos CSIF, UXT e CCOO co Goberno, **é insuficiente pois esquécese do profesorado en moitas das súas medidas e non recolle as cuestións máis demandadas polo colectivo e que ANPE leva anos reclamando.**

Este Acordo, no que a retribucións e recuperación salarial se refire, contempla unha subida segura en tres anos de pouco máis do 6%, moi lonxe do 20% de perda de poder adquisitivo acumulado polos docentes desde o ano 2010 e denunciado por ANPE. Ademais é unha subida ficticia e irreal xa que non ten en conta as previsións do IPC durante o período de aplicación do Acordo o que fai que a diferenza entre a subida pactada e as previsións do IPC arroxen un **dato real de recuperación de poder adquisitivo do 0,48%**. Desde ANPE queremos lembrar que o forte recorte salarial sufrido polos empregados públicos en 2010 foi especialmente doloroso nos grupos funcionariais nos que se encadra o profesorado, sendo naquel momento o recorte salarial na maioría dos corpos docentes do 7%, mentres que para outros colectivos de empregados públicos foi inferior ao 1%. **Agora, os sindicatos asinantes do Acordo non usan a mesma fórmula para recuperar o perdido, véndonos novamente discriminados.** Tampouco incluíron a demanda de ANPE de establecer unha cláusula de revisión salarial en función do IPC para evitar que aumente a perda de poder adquisitivo no futuro nin tampouco fai mención á equiparación salarial do profesorado das distintas Comunidades Autónomas, obxecto da presente campaña reivindicativa de ANPE.

Por todo o anteriormente exposto ANPE Galicia seguirá intensificando a súa campaña pola equiparación salarial do profesorado galego e pola recuperación da perda do poder adquisitivo a través da recuperación das condicións laborais e económicas anteriores á crise, solicitando como exemplo, a eliminación dos descontos retributivos por baixa médica recollidos na Lei 20/2012. Do mesmo xeito seguiremos incidindo na recuperación do cobro do verán para o noso profesorado substituto así como a recuperación dos 6.000 euros de media por docente detraídos das pagas extras desde o ano 2013 ao ano 2016.

ANPE Galicia continuará loitando tamén para acadar outros logros e medidas importantes para o profesorado e o Ensino Público como poden ser, entre outros, o impulso da atención á diversidade na nosa comunidade, a redución da burocracia nos centros educativos, a mellora da convivencia escolar e a dignificación da profesión docente e a mellora da compatibilidade para os funcionarios docentes.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018.

Secretaría de Comunicación ANPE Galicia.